

a partir da data de entrada en vigor da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.

O prazo de dous anos mínimo de permanencia nesta situación, deberá computarse desde o momento de concesión da excedencia voluntaria.

Segunda.

Ata que se aproben as relacións de postos de traballo da Administración autonómica galega, deben considerarse en activo, como incluídos no suposto previsto no artigo 3.º A do presente regulamento, os funcionarios que ocupen postos de traballo nalgúnhas das administración e organismos autónomos a que se fai referencia no artigo 3.º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, e perciban a totalidade das súas retribución con cargo ó programa ó que figuren adscritos os referidos postos.

Terceira.

O persoal interino ou contratado administrativo que, á entrada en vigor deste regulamento, estea en expectativa de acceso á función pública de Galicia e que estivese obrigado a cumprir-lo servizo militar ou prestación substitutoria equivalente, asimilárase ó réxime previsto no capítulo terceiro deste regulamento.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas cantas disposicións xerais ou específicas, de igual ou inferior categoría, se opoñan ó disposto neste decreto.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Primeira.

Facúltase o Conselleiro da Presidencia e Administración Pública para a adopción das disposicións oportunas, para o desenvolvemento do preceptuado no prelo lante decreto.

Segunda.

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, vinte de marzo de mil novecentos noventa e un.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Dositeo Rodríguez Rodríguez
Conselleiro da Presidencia e Administración Pública

Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna.

O artigo 27 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, establece que os postos de traballo adscritos a funcionarios proveranse polo procedemento de concurso, que constitúe o sistema normal de provisión, ou polo de libre designación con convocatoria pública.

Así mesmo, o artigo 60 prevé a promoción interna para os funcionarios, consistente no acceso desde corpos ou escalas do grupo inferior a outros corpos ou escalas do grupo superior, no acceso a outro corpo ou escala do mesmo grupo ou no ascenso dentro dos graos asignados ó mesmo corpo ou escala.

Esta fórmula de promoción interna xunto coa promoción profesional, establecida no artigo 62, que regula a adquisición, consolidación e cambio de grao na carreira administrativa, conforman un sistema xeral e completo da promoción dos funcionarios ó servizo da Administración autonómica de Galicia.

Para tal fin o presente regulamento incorpora o procedemento necesario para a provisión dos postos de traballo, establecendo un sistema público e obxectivo que, ademais de garanti-los dereitos do funcionario á carreira administrativa, leve consigo a adecuada profesionalización da Administración autonómica.

A disposición derradeira primeira da Lei 4/1988, do 26 de maio, autoriza a Xunta de Galicia para dictar as normas de carácter regulamentario precisas para o desenvolvemento da lei.

Na súa virtude, oído o informe da Comisión de Pessoal, por proposta do conselleiro da Presidencia e Administración Pública e logo de deliberación no Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do vinte de marzo de mil novecentos noventa e un,

DISPOÑO:

Artigo único.—Apróbase o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna da Administración autónoma de Galicia, en desenvolvemento e execución da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, do que se insire a continuación o texto.

REGULAMENTO DE PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABALLO; PROMOCIÓN PROFESIONAL E PROMOCIÓN INTERNA

CAPÍTULO I Obxecto e ámbito de aplicación

Artigo 1.º

1.-O presente regulamento ten por obxecto regular o procedemento de provisión de postos de traballo da Xunta de Galicia, a promoción profesional e o fo-

mento da promoción interna e da carreira administrativa dos funcionarios comprendidos no artigo 3 da Lei 4/1988, da función pública de Galicia, e co carácter directo ou supletorio previsto no seu ámbito de aplicación.

2.-0 persoal docente, investigador e sanitario rexe-rase, para a provisión de postos, para a súa promoción profesional e para a promoción interna polas normas específicas que lle sexan de aplicación e no seu defecto polo previsto no presente regulamento.

3.—No non reservado á lexislación do Estado aplícase este regulamento ó persoal da Administración local.

4.—No non previsto no seu estatuto de persoal aplícase o presente regulamento ó persoal o servizo do Parlamento de Galicia.

CAPÍTULO II

Provisión de postos de traballo

Artigo 2.º

1.—Os postos de traballo reservados a funcionarios proveranse mediante os procedementos de concurso de méritos e por libre designación, de acordo co que se dispoña nas relacións de postos de traballo.

2.-0 concurso será o procedemento normal de provisión de postos de traballo e nel só se terán en conta os méritos que se determinen en cada convocatoria, segundo os baremos correspondentes, que serán consultados previamente á Comisión de Persoal e en relación directa cos postos que se ocuparán. Entre tales méritos figurarán necesariamente a posesión dun determinado grao persoal, a valoración do traballo desenvolvido, os cursos de formación e perfeccionamento superados que teñan relación cos postos de traballo que se cubrirán, o nivel de coñecemento da lingua galega no grao adecuado ás función que se van desempeñar e a antigüidade.

3.-0 sistema de libre designación só se utilizará naqueles postos en que así se especifique nas relacións de postos de traballo, de acordo co establecido nos artigos 27.2 e 28 da Lei 4/1988.

4.—Os funcionarios doutras administracións públicas poderán acceder ós postos de traballo da Administración autonómica, de acordo cos artigos 27.4 e 42 da Lei 4/1988.

Artigo 3.º

1.—Os procedementos para a provisión de postos de traballo rexeranse polas bases da convocatoria respectiva, que se axustarán, en todo caso, ó disposto no presente regulamento e nas demais disposicións concordantes e complementarias del.

2.—Nas convocatorias especificarase, ademais da denominación do posto, o nivel, a súa localización, o complemento específico e as condicións e requisitos para o seu desempeño, de acordo co que determinen as relacións de postos de traballo.

3.—Tódalas convocatorias para a provisión de postos

de traballo, así como as súas respectivas resolucións publicaranse no DOG e, se se coida oportuno para garantir 6 máximo o principio de publicidade, noutros medios de comunicación públicos ou privados.

Artigo 4.º

1.—Os funcionarios reingresados no servizo activo conforme o disposto no artigo 59 da Lei 4/1988, que non teñan reserva de praza e destino, serán adscritos, con carácter provisional, a un posto de traballo vacante dotado presupostariamente, quedando obrigados a participar no primeiro concurso para a provisión de postos, sempre que reúnan os requisitos esixidos. A praza cuberta provisionalmente incluírase necesariamente no primeiro concurso que se convoque.

2.—A orde de prelación para o reingreso realizarase en todo caso atendendo á súa data de solicitude e de acordo coa preferencia que para cada grupo establece o artigo 58 da Lei 4/1988.

Artigo 5.º

1.—Os funcionarios de novo ingreso ocuparán as vacantes de postos de traballo, de acordo coas súas peticións e seguindo, para a súa adxudicación, a orde de puntuación obtida, tendo en conta os requisitos contidos nas relacións de postos de traballo.

Estes destinos terán carácter definitivo, equivalente para tódolos efectos, ós obtidos por concurso.

2.—Os ditos funcionarios comezarán a consolidar o grao correspondente ó nivel do posto de traballo ó que foron destinados.

Artigo 6.º

1.—Cando un posto de traballo quede vacante, o órgano competente en cada caso, segundo o previsto nos artigos 13 e 15 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, pode, no suposto de urxente ou inaprazable necesidade, proceder a cubri-lo en comisión de servizos, durante un prazo máximo de un ano, con outro funcionario que reúna os requisitos esixidos para desempeñalo, de acordo coa relación de postos de traballo.

2.—As vacantes cubertas en comisión de servizos convocaranse no concurso máis próximo, podendo, se o posto continúa vacante, prorrogarse a dita comisión ata a resolución do seguinte concurso e, en todo caso, un ano máis como máximo.

3.—A comisión de servizos que supoña traslado forzoso con cambio de localidade cubrirase cun funcionario da mesma consellería que resida na localidade máis cercana e con menos cargas familiares. Noutro caso recorrerase ó de menor antigüidade, debendo ser previamente informada a Comisión de Persoal; a súa duración non poderá pasar de tres meses.

4.—O tempo de servizos prestados en tales comisións terase en conta para os efectos da consolidación do grao persoal correspondente ó nivel do posto desempeñado anteriormente, salvo que se obtivese mediante a oportuna convocatoria destino definitivo no posto de traballo desempeñado en comisión de servizos ou noutro do mesmo nivel, caso no que se consolidará este último grao.

Artigo 7.º

1.—Os funcionarios que ocupen postos non singularizados, entendendo por tales os que non se individualicen ou distingan dos restantes postos de traballo nas correspondentes relacións polo seu contido ou condicións específicas para o seu exercicio, poderán ser adscritos por necesidades do servizo a outros da mesma natureza, nivel de complemento de destino e complemento específico, sempre que, para a provisión dos devanditos postos, estea establecido semellante procedemento e sen que iso supoña cambio de localidade.

Das adscricións así efectuadas darase coñecemento á Xunta de Persoal respectiva.

Cando a adscrición se leve a cabo dentro do ámbito dos servizos centrais ou nunha mesma delegación provincial ou servizo e supoña cambio de destino, será limitada a súa duración ata a resolución do seguinte concurso.

CAPÍTULO III

Provisión de postos de traballo mediante concurso

Artigo 8.º

1.—O conselleiro competente en materia de función pública, por iniciativa das restantes consellerías, aprobará as bases que rexerán as convocatorias dos concursos, oída a Comisión de Personal.

2.—As bases das convocatorias dos concursos conterán a descrición dos postos de traballo ofrecidos, as condicións requiridas para o seu desempeño, os méritos que se valorarán e o baremo polo que se puntuarán así como a composición das comisións de valoración e a previsión de memorias e entrevistas, cando proceda.

3.—Nas bases dos concursos poderán establecerse puntuacións mínimas para a adxudicación das vacantes convocadas.

4.—A convocatoria e resolución dos concursos corresponderalle á consellería competente en materia de función pública, sen prexuízo do disposto no artigo 15.8.a) da Lei 4/1988.

Artigo 9.º

1.—Tódolos funcionarios, calquera que sexa a súa situación administrativa, agás os suspensos en firme, poderán tomar parte nos concursos, sempre que reúnan as condicións e requisitos esixidos na convocatoria na data na que remate o prazo de presentación de instancias, que será sempre como mínimo de quince días hábiles contados desde o día seguinte ó da publicación

da convocatoria no DOG; tales instancias dirixiranse ó órgano convocante con indicación, se procede, da orde de preferencia cando secan varios os destinos solicitados.

2.—Os funcionarios deberán permanecer en cada posto de traballo de destino definitivo un mínimo de dous anos para poderen participar nos concursos de provisión, a non ser por supresión do posto de traballo.

3.—Respecto daqueles corpos ou escalas que teñan reservados postos en exclusiva, quedarán excluídos da participación en concursos para cubrir postos adscritos con carácter indistinto, excepto naquelas prazas que así se especifiquen nas relacións de postos de traballo.

4.—No suposto de estaren interesados nas vacantes que se anuncian nun determinado concurso para a mesma localidade dous funcionarios que reúnan os requisitos esixidos, poderán condicionala súa petición, por razóns de convivencia familiar, a que ámbolos dous obtenían o dito destino, xuntando cada un fotocopia da outra petición.

Artigo 10.º

1.—Nos concursos deberán valorarse os méritos adecuados ás características dos postos ofrecidos, así como a posesión dun determinado grao persoal, a valoración do traballo desenvolvido, os cursos de formación e perfeccionamento superados, o nivel de coñecemento da lingua galega e a antigüidade, de acordo cos seguintes criterios:

a) Só poderán valorarse os méritos específicos adecuados ás características de cada posto que se determinen nas respectivas convocatorias.

b) O grao persoal consolidado valorarase en razón directa á proximidade do nivel do posto pedido, cando así se especifique na convocatoria.

c) A valoración do traballo desenvolvido cuantifícase en relación cos anos de destino, contido e especialización dos postos de traballo anteriormente desempeñados.

d) Unicamente se valorarán os cursos de formación e perfeccionamento expresamente incluídos nas convocatorias, que deberán versar sobre materias directamente relacionadas coas funcións propias dos postos de traballo.

e) O nivel de coñecemento da lingua galega será valorado en función do que se considere adecuado á natureza do posto e das funcións que se van desempeñar.

1) A antigüidade valorarase por anos de servizo, computándose para entes efectos os recoñecidos que se prestasen con anterioridade á adquisición da condición de funcionarios. Non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente **alegados**.

2.—A puntuación de cada un dos conceptos enunciados nos apartados anteriores non poderá exceder, en ningún caso, do 40 por 100 da puntuación máxima total, nin ser inferior ó 10 por 100 dela.

3.-0 destino previo do cónxuxe funcionario, obtido mediante convocatoria pública na localidade onde estea o posto ou postos de traballo solicitados, poderase valorar como máximo coa puntuación que resulte da antigüidade, sempre que acceda desde localidade distinta.

4.—Os méritos valoraranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de instancias e acreditaranse documentalmente coa solicitude de participación, salvo que os ditos datos obren en poder da Administración e así se especifique na convocatoria. Nos procesos de valoración poderán solicitarse formalmente dos interesados as aclaracións ou, se é o caso, a documentación adicional que se coide necesaria para a comprobación dos méritos alegados.

5.—No caso de empate na puntuación acudirase para dirimilo á outorgada nos méritos enunciados no apartado 1 do presente artigo pola orde expresada, salvo que se altere esta na convocatoria.

Artigo 11.º

1.—Cando en atención á natureza dos postos que hai que cubrir así se determine nas convocatorias, os concursos poderán constar de dúas fases. Na primeira valoraranse os méritos enunciados nos apartados b), c) e e) do núm. 1 do artigo anterior conforme ós criterios establecidos nel. A segunda fase consistirá na comprobación e valoración dos méritos específicos adecuados ás características de cada posto. Con tal fin poderase establecer a elaboración de memorias ou a celebración de entrevistas, que deberán especificarse necesariamente na convocatoria.

2.—Nestes supostos, na convocatoria figurará a descrición do posto de traballo, que deberá incluí-las especificación derivadas da natureza da función encomendada a el e a relación das principais tarefas e responsabilidades que o caracterizan. Así mesmo, deberá fixa-los criterios específicos adecuados ás características dos postos mediante a delimitación dos coñecementos profesionais, estudos, experiencia necesaria, titulación, se é o caso, e demais condicións que garantan a adecuación para o desempeño do posto.

3.—As convocatorias rizarán as puntuacións máximas e mínimas das dúas fases.

4.—A memoria consistirá, se é o caso, nunha análise das tarefas do posto e dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño a xuízo do candidato, baleada na descrición contida na convocatoria.

As entrevistas versarán sobre os méritos específicos adecuados ás características do posto, de acordo co previsto na convocatoria e, se é o caso, sobre a memoria.

Os aspirantes con algunha discapacidade poderán solicitar na instancia de participación as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización das entrevistas.

Artigo 12.º

1.—As comisións de valoración (izarán a puntuación que corresponda ós participantes na provisión de postos de traballo vacantes na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, para os méritos que así se establezan nas respectivas bases da convocatoria de concursos.

2.—As comisións de valoración estarán formadas por:

—Un presidente, que será o director xeral da Función Pública ou persoa en quen delegue.

—Tres representantes da Administración autonómica nomeados polo órgano convocante.

—Dous representantes designados polas organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Negociación.

—Un secretario, con voz pero sen voto, que deberá ser un funcionario designado polo órgano convocante.

Tódolos vocais e o secretario deberán ter a condición de funcionarios.

3.—No seu funcionamento, as comisións de valoración rexeranse polo establecido no capítulo II do título I, da vixente Lei de procedemento administrativo, do 17 de xullo de 1958.

4.—As comisións propoñerán o candidato que obtivese maior puntuación.

5.—As propostas que, de acordo co establecido no apartado anterior, realice a comisión de valoración, serán o carácter de vinculantes para o órgano encargado da resolución da convocatoria do concurso.

Artigo 13.º

O prazo para a resolución do concurso será de dous meses desde o día seguinte ó do remate da presentación de instancias, salvo que, en supostos excepcionais, a propia convocatoria estableza outro distinto.

Artigo 14.º

1.-0 prazo para tomar posesión do novo destino obtido será de tres días hábiles se o posto de traballo se atopa na mesma localidade, ou de un mes se radica en localidade distinta.

O prazo de toma de posesión comezará a contarse a partir do día seguinte ó do cesamento, que deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ó da publicación da resolución do concurso no *Diario Oficial de Galicia*. Se a resolución comporta o reingreso no servizo activo, o prazo de toma de posesión deberá computarse desde a dita publicación.

2.-0 titular da consellería onde preste servizos o funcionario poderá, non obstante, diferir-lo cesamento por necesidades do servizo, ata vinte días hábiles, o que deberá serlle comunicado á unidade a que fora destinado o funcionario.

Excepcionalmente, por proposta da consellería, por esixencias do normal funcionamento dos servizos apreciadas en cada caso pola Dirección Xeral da Función Pública, poderá ser aprazado por esta a data do cesamento ata un máximo de tres meses, computada a prórroga prevista no parágrafo anterior.

Con independencia do establecido nos dous parágrafos anteriores, o titular da consellería onde obtívese novo destino o funcionario poderá conceder unha prórroga de incorporación ata un máximo de vinte días hábiles, se o destino se atopa en distinta localidade e así o solicita o interesado por razóns xustificadas.

3.—O cómputo dos prazos posesorios iniciárase cando rematen os permisos ou licencias que, se é o caso, fosen concedidos ós interesados.

Nos supostos de baixa temporal ou transitoria o cómputo do prazo iniciárase a partir da correspondente alta.

4.—Para tódolos efectos, o prazo posesorio considerárase como de servizo activo, comenzando os efectos económicos no novo destino desde a data de cesamento no de procedencia.

5.—Unha vez transcorrido o período de presentación das instancias, as solicitudes formuladas serán vinculantes para o peticionario e os destinos adxudicados serán irrenunciábles, salvo que se obtívese outro destino mediante convocatoria pública antes de remata-lo prazo de toma de posesión.

6.—Os destinos adxudicados consideráranse de carácter voluntario e, en consecuencia, non xerarán dereito ó aboamento de indemnización por concepto ningún, sen prexuízo das excepcións previstas no réxime de indemnizacións por razón de servizo.

Artigo 15.º

1.—Os funcionarios que accedan a un posto de traballo polo procedemento de concurso poderán ser removidos por causas sobrevidas, derivadas dunha alteración no contido do posto, cando esta fose realizada a través das relacións de postos de traballo, que modifiquen os supostos que serviron de base á convocatoria, ou dunha falta de capacidade para seu desempeño manifestada polo rendemento insuficiente, que non comporte inhibición e que impida realizar con eficacia as funcións atribuídas ó posto.

2.—A proposta motivada de remoción será formulada polo titular do centro directivo, e notificaráselle ó interesado para que no prazo de dez días hábiles formule as alegacións e achegue os documentos que coide pertinentes.

3.—A proposta definitiva poñeráselle de manifesto á Xunta de Persoal correspondente ó centro onde presta servizo o funcionario afectado, que emitirá o seu parecer no prazo de dez días hábiles.

4.—Se, unha vez recibido o parecer da Xunta de Per-

soal ou transcorrido o prazo sen executa-lo, se produciise modificación da proposta, dorase nova audiencia ó interesado polo mesmo prazo. Finalmente, a autoridade que efectuou o nomeamento resolverá. A resolución será motivada e notificada ó interesado no prazo máximo de dez días hábiles e comportará, se é o caso, o cesamento do funcionario no posto de traballo, sen prexuízo dos recursos administrativo e contencioso-administrativo que procedan de acordo coa lexislación vixente.

5.—Ós funcionarios removidos atribuiráselles un destino provisional, de acordo co previsto no artigo 20 deste regulamento.

CAPÍTULO IV

Provisión de postos de traballo de libre designación

Artigo 16.º

1.—Os titulares de cada consellería están facultados para prover prazas polo sistema de libre designación, podendo cubrirse polo dito sistema as que así figuren nas relacións dos postos de traballo respectando, en todo caso, o disposto nos artigos 27.2 e 28 da Lei 4/1988.

2.—A libre designación realizarase logo da convocatoria pública na que figurarán condicións xerais e específicas do posto que se cubrirá, e necesariamente, denominación, nivel e localización do posto así como os requisitos indispensables para desempeñalo. As solicitudes remitiranse, no prazo de 15 días hábiles a partir do seguinte ó da súa publicación, ó órgano convocante, o cal resolverá nun prazo máximo de dous meses con informe previo do titular do centro, organismo ou unidade á que figure adscrito o posto convocado. A toma de posesión e prazos serán os mesmos que no procedemento de concurso.

3.—Os funcionarios nomeados para ocupar un posto de libre designación poderán ser cesados discrecionalmente, nas condicións reguladas no artigo 62.4 da Lei 4/1988.

Artigo 17.º

1.—Ós funcionarios da Administración do Estado, das comunidades autónomas e ós funcionarios das corporacións locais, comprendidos dentro do ámbito territorial da Comunidade Autónoma galega que, mediante os procedementos legalmente establecidos, pasen a ocupar postos de traballo na Administración pública desta Comunidade Autónoma seralles de aplicación a lexislación da función pública desta.

2.—No suposto de obter destino na Comunidade Autónoma, o cesamento levarase a cabo de acordo coa lexislación da súa administración de procedencia e quedará nela na situación que proceda de acordo coas súas normas específicas.

CAPÍTULO V
Carreira e promoción profesional

Artigo 18.º

L—Tódolos postos de traballo, reservados a funcionarios, clasificaranse en 30 niveis.

2.—Tódolos funcionarios adquirirán un grao persoal polo desempeño de un ou máis postos do nivel correspondente durante dous anos continuados ou durante tres con interrupción. Se durante o tempo en que o funcionario desempeña un posto de traballo se modifícase o seu nivel, este computarase co nivel máis alto que tivese o dito posto para efectos de consolidación.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, os funcionarios que obteñan un posto de traballo superior en máis de dous niveis ó correspondente a seu grao persoal, consolidarán cada dous anos de servizos continuados o grao superior en dous niveis ó que posúen, sen que en ningún caso poidan supera-lo correspondente ó do posto desempeñado nin o intervalo de niveis correspondente ó seu corpo ou escala.

3.—O recoñecemento do grao persoal será efectuado de oficio ou por instancia de parte polo conselleiro competente en materia de función pública, que dictará, para o efecto, a oportuna resolución comunicándolla ó rexistro de persoal no prazo de tres días.

No suposto previsto no artigo 15.8.c) da Lei 4/1988, o recoñecemento será feito polo titular da Consellería á que estea adscrito o funcionario, e deberá así mesmo comunicarllo ó rexistro de persoal no antedito prazo.

4.-0 grao persoal comporta o dereito á percepción, como mínimo, do complemento de destino dos postos de nivel correspondente a este.

5.-0 tempo de servizos prestados, ó amparo do disposto no artigo 20 do presente regulamento, non se considerará como interrupción para efectos de consolidación do grao persoal se a súa duración é inferior a seis meses e o destino definitivo que se obteña correspondente a un posto de traballo do mesmo ou superior nivel do que se desempeñaba con anterioridade.

Artigo 19.º

Os intervalos de niveis de postos de traballo que correspondan a cada corpo ou escala, de acordo co grupo en que se encontren clasificados, serán os seguintes:

Corpos ou escalas	Nivel mínimo	Nivel máximo
Grupo A	20	30
Grupo B	16	28
Grupo C	14	25
Grupo D	12	20
Grupo E	10	14

En ningún caso os funcionarios poderán desempeñar postos de traballo non incluídos nos niveis do intervalo correspondente ó grupo no que figura clasificado o seu corpo ou escala.

Artigo 20.º

Os titulares das consellerías atribuirán o desempeño provisional dun posto de traballo do nivel correspondente ó seu corpo ou escala ós funcionarios cesados nun posto de libre designación ou ben por supresión de postos de traballo ou removidos dos obtidos por concurso. Os funcionarios que cesen no seu posto de traballo, obtido por libre designación e como consecuencia da capacidade de autoorganización da Administración, pecibirán durante un prazo máximo de tres meses tódalas retribucións complementarias correspondentes ó seu antigo destino, de acordo co establecido no artigo 62 da Lei 4/1988. Tódolos funcionarios adscritos provisionalmente a un posto de traballo teñen a obriga de concorrer ó primeiro concurso ou convocatoria que se celebre, no cal deberán incluírse tódolos postos que se encontren nesta situación.

Artigo 2Lº

O tempo de permanencia na situación de servizos especiais será computado, para efectos de adquisición do grao persoal, como prestado no último posto desempeñado na situación de servizo activo ou no que posteriormente se obtivese por concurso.

CAPÍTULO VI
Fomento de promoción interna

Artigo 22.º

1.—A Xunta facilitará, en todo caso, a promoción interna dos funcionarios, que consiste no ascenso dos funcionarios dos corpos ou escalas duns grupos a outros correspondentes ós grupos inmediatos superiores.

2.—Os funcionarios que accedan a outros corpos ou escalas polo sistema de promoción interna terán, en todo caso, preferencia para cubri-los postos vacantes da respectiva convocatoria sobre os aspirantes que non procedan desta quenda.

Así mesmo, conservarán o grao persoal que consolidasen, sempre que se encontre incluído no intervalo de niveis correspondentes ó corpo ou escala a que accedan e o tempo de servizos prestados nos de orixe será de aplicación, se é o caso, para a consolidación do grao persoal no novo corpo ou escala.

3.—As vacantes, convocadas para promoción interna, que queden desertas por non obte-los aspirantes a puntuación mínima esixida para a superación das correspondentes probas acumularanse ás que se ofrezan ó resto dos aspirantes de acceso libre.

4.—En todo caso, os funcionarios que participen nas probas de promoción interna deberán ter unha antigüidade de, polo menos, dous anos no corpo ou escala á que pertencen e posuí-la titulación e o resto dos requisitos establecidos con carácter xeral para o acceso ó corpo ou escala no que aspiran a ingresar.

Artigo 23.º

1.—O ascenso por promoción interna efectuarase mediante o sistema de oposición ou concurso - oposición. Os funcionarios que participen poden quedar exentos do exame daquelas materias das que teñan coñecemento suficientemente acreditado polo exame esixido no seu día para acceder ó posto que veñan desempeñando.

2.—Cando o sistema de acceso sexa o de concurso - oposición, con reserva do disposto no artigo 36 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, na fase de concurso, que non terá carácter eliminatório, valoraranse, entre outros méritos, a antigüidade do funcionario no corpo ou escala á que pertenza, o seu grao persoal, o traballo desenvolvido, no que se terá en conta a similitude entre as actividades habitualmente desempeñadas polos funcionarios e as dos integrantes do corpo ou escala á que opta, os cursos de formación e perfeccionamento realizados en relación con estas últimas, e, se é o caso, o tempo de permanencia en postos de traballo de cada nivel.

En ningún caso a puntuación obtida na fase de concurso poderá aplicarse para supera-los exercicios da fase de oposición.

Artigo 24.ºArtigo 25.º

1.—O acceso a corpos ou escalas do mesmo grupo de titulación deberá efectuarse con respecto ós principios de mérito e capacidade entre funcionarios que desempeñen actividades substancialmente coincidentes ou análogas no seu contido profesional e no seu nivel técnico.

2.—O Consello da Xunta, por proposta do conselleiro competente en materia de función pública, poderá determinar, cando se deriven vantaxes para a xestión dos servizos, os corpos ou escalas da Administración autonómica ós que se pode acceder por este procedemento, logo de iniciativa do departamento ó que estivesen adscritos.

O conselleiro competente en materia de función pública establecerá os requisitos e as probas que haberá superar. Para participar velas esixirase, en todo caso, estar en posesión da titulación académica requirida con carácter xeral para o acceso ós corpos ou escalas de que en cada caso se trate.

Nas convocatorias para o acceso a corpos ou escalas por este procedemento deberá establecerse a exención de probas encamiñadas a acreditar os coñecementos xa esixidos no corpo ou escala de orixe.

Os aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo na solicitude, achegando a documentación oportuna e precisando as adaptacións de tempo e medios necesarias para a realización das probas.

No caso de supera-las probas, as condicións materiais do posto de traballo adecuaranse ás súas aptitudes específicas.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Os funcionarios públicos que pasen a desempeñar postos de traballo reservados a persoal eventual non necesitarán máis requisitos cós que establezan para o nomeamento do dito persoal, e non terán que someterse ós procedementos para a provisión de vacantes.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

Primeira.

Os funcionarios que á entrada en vigor deste regulamento estean desempeñando postos de traballo en virtude de convocatoria pública, non incluídos no intervalo de nivel do grupo ó que pertenza o seu corpo ou escala, de acordo co artigo 18, continuarán co desempeño destes, poderán consolidalo grao máximo que corresponda ó seu grupo e, no caso de acceder ó grupo superior por promoción interna sen solución de continuidade, consolidarán o grao persoal segundo as regras xerais descritas neste regulamento.

Segunda.

No sistema de promoción interna, os funcionarios aspirantes que superen tal proceso selectivo, poderán tomar posesión da praza que xa viñesen desempeñando con carácter definitivo, cando o nivel desta se atope incluído no intervalo de niveis do corpo ó que accedan.

Terceira.

O previsto no artigo 9.2 deste regulamento, en relación coa existencia de permanencia de dous anos no posto de traballo desempeñado con carácter definitivo, non será aplicable no concurso xeral interno considerado na disposición transitoria duodécima da lei.

Cuarta.

A toma de posesión nos postos asignados como consecuencia da celebración do concurso xeral interno previsto na disposición transitoria duodécima da lei 4/1988, conforme a redacción dada a esta pola lei 4/1991 do 8 de marzo, non se producirá mentres non sexan adxudicados os destinos ós funcionarios de novo ingreso, seleccionados mediante o concurso oposición previsto nas disposicións transitorias da devandita lei.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas tódalas disposicións con igual categoría ou inferior que se opoñan ó presente decreto.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Primeira.

Facultase o conselleiro da Presidencia e Administración Pública para a adopción das disposicións oportunas, para o desenvolvemento do preceptuado no presente decreto.

Segunda.

Este decreto entrará *en vigor* o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte de marzo de mil novecentos noventa e un.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Dositeo Rodríguez Rodríguez

Conselleiro da Presidencia e Administración Pública

Decreto 94/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de réxime disciplinario dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, no seu artigo 73, failles extensivo ós funcionarios da Administración autonómica de Galicia o réxime disciplinario previsto na normativa do Estado. Así mesmo prevé que por medio do correspondente regulamento se regulará o procedemento sancionador, no cal se terán basicamente en conta os principios de eficacia e garantía.

A disposición derradeira primeira da Lei 4/1988, do 26 de maio, autoriza á Xunta de Galicia para dictar as normas de carácter regulamentario precisas para o desenvolvemento da lei.

Na súa virtude, oída a Comisión de Personal, por proposta do conselleiro da Presidencia e Administración Pública e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do vinte de marzo de mil novecentos noventa e un,

DISPOÑO:

Artigo único.—Apróbase o Regulamento de réxime disciplinario da función pública da Administración autonómica de Galicia, en desenvolvemento e execución da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, do que se insire a continuación o seu texto.

Artigo 2.º

REGULAMENTO DE RÉXIME DISCIPLINARIO

CAPÍTULO I
Ámbito de aplicación

Artigo 1.º

1.-0 presente regulamento élle de aplicación a todo o persoal funcionario comprendido no ámbito de aplicación da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia.

Os funcionarios en prácticas estarán sometidos ó disposto no presente regulamento, na medida *en* que lles sexa de aplicación, sen prexuízo das normas especiais que regulen o seu procedemento de selección.

2.-0 réxime disciplinario establecido neste regulamento enténdese sen prexuízo da responsabilidade civil ou penal en que poidan incorrer os funcionarios, a cal se fará efectiva na forma que determine a lei.

3.—No non reservado á lexislación do Estado, aplícaráselle este regulamento ó persoal da Administración local.

CAPÍTULO II
Faltas disciplinarias

As faltas cometidas polos funcionarios no exercicio dos seus cargos poderán ser moi graves, graves e leves.

Artigo 3.º

Son faltas moi graves:

a) O incumprimento do deber de fidelidade á Constitución e ó Estatuto de autonomía no exercicio da función pública.

b) Toda actuación que supoña discriminación por razón de raza, sexo, relixión, lingua, opinión, lugar de nacemento, veciñanza ou calquera outra condición o circunstancia persoal o social.

c) O abandono do servicio.

d) A adopción de acordos manifestamente ilegais que lles causen un prexuízo grave á Administración ou ós cidadáns.

e) A publicación ou utilización indebida de segredos oficiais así declarados por lei ou clasificados como tales.

1) A notoria falta de rendemento que comporte inhição no cumprimento das tarefas encomendadas.

g) A violación da neutralidade ou independencia políticas, utilizando as facultades atribuídas para influir en procesos electorais de calquera natureza e ámbito.

h) O incumprimento das normas sobre incompatibilidades.

i) A obstaculización do exercicio *das* liberdades públicas e dos dereitos sindicais.

j) A realización de actos encamiñados a coartar-lo libre exercicio do dereito de folga.